

Nova Axenda Social de Galicia

Xunta de Galicia-Administración Local



Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Inclusión Social

Santiago de Compostela, maio de 2016

Contenido

1. ANTECEDENTES	3
2. INTRODUCIÓN	5
3. POBOACIÓN DESTINATARIA	6
4. ACCESO ÁS MEDIDAS COMPRENDIDAS NA AXENDA	7
5. MEDIDAS PROPOSTAS.....	7
5.1. Instrumentos para a mellora da planificación das políticas sociais.....	7
5.2. Medidas dirixidas á ciudadanía.....	8
5.2.1. Medidas de apoio á renda	8
5.2.2. Medidas de abordaxe da pobreza enerxética	10
5.2.3. Medidas de atención á inclusión residencial	11
5.2.4. Medidas dirixidas á promoción de programas/proxectos de inclusión social ...	17
5.2.5. Medidas de atención á dependencia	18
5.2.6. Medidas de abordaxe da pobreza infantil	18
5.3. Medidas de apoio á contratación de persoal especial para os Servizos sociais municipais.....	19
5.4. Medidas dirixidas a entidades de iniciativa social	21
5.5. Medidas de colaboración con outros axentes	22
6. POSIBLES ACTUACIÓNS DOS CONCELLOS	22
7. ORZAMENTO POR CONSELLERIAS	25
8. ORZAMENTO POR PROGRAMAS.....	27

1. ANTECEDENTES

A loita contra a pobreza e a exclusión social constitúe un dos obxectivos principais da Administración galega. De conformidade co artigo 25 da Declaración dos dereitos humanos, que estipula o dereito de toda persoa a ter “*un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar e en especial, a alimentación, a vestimenta, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; así como tamén aos seguros de desemprego, enfermidade, invalidez, viudez, velez e outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade*”, a Xunta de Galicia, xunto coa implicación de toda a sociedade, ten a obriga de impulsar accións destinadas a loitar contra a exclusión social.

Tradicionalmente, a exclusión social estaba intimamente ligada á pobreza. Sen embargo, os recentes cambios estruturais que vén de padecer a sociedade actual obríganos a reformular o punto de partida para incluír factores que ata a data permanecían alleos a esta cuestión. A precariedade laboral que sufren moitas persoas, a falta de formación, a imposibilidade de acceder a unha vivenda digna ou o desarraigo social constitúen elementos a analizar e que cómpre ter en conta á hora de actuar.

A Rede europea contra a pobreza e a exclusión social (EAPN) en España leva anos traballando co obxectivo de ampliar o coñecemento de administracións públicas, medios de comunicación e axentes sociais sobre o fenómeno da pobreza e a exclusión social. E o fan dende o que xa se deu en chamar as tres “C”: causas que a provocan; compromiso de tódolos sectores implicados e coordinación.

Con esta máxima traballaron a Xunta de Galicia e a Fegamp, en nome dos concellos, para acadar este acordo que amosa o compromiso de todas as administracións en Galicia, coordinando os nosos esforzos, conscientes de que mentres haxa unha soa persoa que padeza esta situación non seremos quen de falar de igualdade real e efectiva. A coordinación e a implicación de todos e todas é fundamental para tecer unha gran rede de apoio que nos permita combater a exclusión social de moitos colectivos e, moi especialmente, dos máis vulnerables. Só coa suma do esforzo de todos e todas e coa posta en marcha de políticas integrais que permitan paliar os efectos da exclusión e atacar as causas que a provocan poderase poñer fin a un problema que en Galicia afecta a máis de 600.000 persoas.

A Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais conforme o previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora

das bases do réxime local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O 18 de decembro de 2014 o Consello de goberno da Xunta de Galicia deu luz verde á Estratexia Galega de Inclusión Social (EIS Galicia 2014-2020), que constitúe o marco de planificación da Xunta de Galicia de medidas de loita contra a pobreza e a exclusión na Comunidade para o período 2014-2020.

Debido ás múltiples dimensíons que se manifestan nas situacións de pobreza e/ou exclusión social, a EIS Galicia 2014-2020 comprende medidas que son ou serán desenvolvidas baixo a responsabilidade e o liderado, tanto da Consellería de Política Social, como doutros departamentos da Xunta de Galicia que inciden de xeito parcial nos procesos de inclusión social das persoas. O traballo en rede é clave no traballo en Servizos Sociais e, dun xeito especial, en materia de inclusión social. A EIS Galicia integra prioridades de coordinación e cooperación coas corporacións locais, as entidades de iniciativa social e outros axentes que operan no territorio a favor da inclusión social das persoas.

O desenvolvemento da **EIS Galicia 2014-2020** materialízase a través de tres plans operativos de inclusión social bianuais. Nesta liña, estase a desenvolver o **Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016**, que concreta as accións que se promoven xa desde a Xunta de Galicia.

Neste contexto considérase de vital importancia fomentar a colaboración entre a Administración autonómica e os concellos de Galicia, dado que estes se configuran como as institucións más próximas á cidadanía e, en consecuencia, están en situación de avaliar en mellores condicións o grao e a diversidade da demanda de atención social, artellar a oferta e optimizar os recursos, aspectos todos de vital importancia para mellorar a calidade da atención prestada no ámbito dos servizos sociais e consecuentemente a rendibilidade social destes servizos.

Estas premisas, que operan sobre o marco de planificación mencionado, constitúen o referente da Axenda Social cuxa proposta, baseada nos principios de cooperación e coordinación interinstitucional, se recolle neste documento.


2. INTRODUCIÓN

Unha das principais medidas de protección da Xunta de Galicia para as persoas en situación de pobreza e exclusión social é a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), que require atoparse nunha situación de desemprego e ademais esixe ter uns ingresos da unidade de convivencia inferiores aos seguintes límiales:

Número de conviventes	Límite de ingresos mensuais
2	473,93 € (5.600 € ano)
3	537,83 €
4	591,08 €
5	644,33 €
6	697,58 €
Máis de 6	718,88 € (8.600 € ano)

Non obstante, as situacions de vulnerabilidade, de risco fronte a pobreza e a exclusión social, non veñen determinadas exclusivamente polo feito de atoparse nunha situación de desemprego. A pobreza monetaria, determinada por baixos ingresos ou pola falla destes, está estreitamente vinculada con situacions persoais e familiares de privación material severa.

Gráfico 1. Persoas en pobreza ou exclusión en Galicia. Intersección entre as componentes. 2012



Fonte: Xunta de Galicia. Diagnóstico de situación socioeconómica e territorial de Galicia.

No traballo de diagnose no que se baseou a Estratexia de Inclusión Social de Galicia (EIS 2014-2020) identificouse un grupo de poboación que áinda tendo emprego presenta carencias materiais severas na súa situación. Neste grupo, as familias con menores de 16 anos a cargo son un perfil especificamente vulnerable en termos de desigualdade, pobreza e exclusión. Dentro dos fogares con menores, a monoparentalidade é a tipoloxía do fogar que rexistra a taxa de risco de pobreza máis

alta, en progresivo e lineal aumento desde o ano 2009: case tres de cada dez fogares monoparentais atópanse en situación de pobreza ou en risco de estalo.

Táboa 1. Taxa de risco de pobreza por tipoloxía do fogar

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Unipersonal	23,19	21,01	18,75	20,35	18,43	17,02
Sen núcleo	13,11	11,66	13,91	15,97	17,41	15,35
Parella con fillos	14,06	13,03	16,34	16,76	16,93	16,97
Parella sen fillos	12,8	13,27	12,62	11,3	12,7	11,7
Monoparental	19,3	22,82	23,05	25,55	27,39	28,52
Un núcleo e outros	12,34	10,42	10,89	14,08	12,78	15,15
Varios núcleos	8,43	13,21	15,24	16,01	15,32	11,09

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Enquisa estrutural a fogares.

Xorde, neste contexto, a necesidade de activar, dentro das políticas autonómicas de inclusión social, medidas dirixidas a atender de xeito específico as carencias que rexistran os fogares con maior taxa de pobreza, e especialmente daquelas familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden aos dispositivos de axuda de inclusión.

3. POBOACIÓN DESTINATARIA

As medidas comprendidas na Axenda Social están dirixidas de xeito prioritario a fogares con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos límiales da RISGA, que son os seguintes:

Táboa 2. Número de fogares con menores segundo a súa composición e ingresos

Situación	Fogares
2 persoas e ingreso de traballo inferior a 473,93€	3.846
3 persoas e ingreso de traballo inferior a 537,83€	12.549
4 persoas e ingreso de traballo inferior a 591,08€	9.841
5 persoas e ingreso de traballo inferior a 644,33€	7.145
6 persoas e ingreso de traballo inferior a 697,58€ ou máis de 6 persoas e ingreso de traballo inferior a 718,88€	2.681
TOTAL	36.062

Fonte: Instituto Galego de Estatística; Nota: datos a 2013 e relativos a fogares con menores de 15 anos

E, dentro dos fogares comprendidos na táboa, 8.269 son fogares monoparentais, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Táboa 3. Número de fogares monoparentais con menores segundo a súa composición e ingresos

Situación	Fogares
2 persoas e ingreso de traballo inferior a 473,93€	3.846
3 persoas e ingreso de traballo inferior a 537,83€	3.679
4 ou máis persoas e ingreso de traballo inferior ás contías indicadas	745
TOTAL	8.269

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Nota: datos a 2013 e relativos a fogares con menores de 15 anos

4. ACCESO ÁS MEDIDAS COMPRENDIDAS NA AXENDA

Cada unha das distintas medidas responsabilidade da Xunta de Galicia que se contemplan na Axenda contarán cun procedemento administrativo específico (Este procedemento xa existe no caso do IGVS e do INEGA). O grupo de persoas destinatarias de cada axuda quedará definido dun xeito concreto na convocatoria pertinente.

Nos dispositivos e vías de acceso ás medidas os departamentos da Xunta de Galicia responsables poderán contar coa colaboración das corporacións locais e as entidades de iniciativa social.

5. MEDIDAS PROPOSTAS

5.1. Instrumentos para a mellora da planificación das políticas sociais

Observatorio Social
Descripción
Posta en marcha dunha ferramenta que facilite un coñecemento detallado da sociedade galega, das súas características e circunstancias, actitudes e opinións sobre asuntos de relevancia no ámbito social

Actores implicados
Consellería de Política Social

5.2. Medidas dirixidas á ciudadanía

As medidas dirixidas directamente á poboación que a Xunta de Galicia promove no marco desta Axenda Social clasífanse en tres áreas atendendo á súa finalidade: medidas de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e de atención á inclusión residencial.

5.2.1. Medidas de apoio á renda

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social ten xa implantadas as medidas seguintes:

Axilización da tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)

Descripción

Trátase de axilizar o máximo posible as resolucións da Renda de Inclusión Social (prestación dirixida a garantir recursos económicos de subsistencia e a acadar a autonomía e integración social e laboral) para que se resolva e notifique no prazo de dous meses.

Pessoas destinatarias

Pessoas sen recursos económicos, situación de desemprego e cun factor de exclusión dos previstos no art. 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia

Actores implicados

Consellería de Política Social e entidades locais

Axudas de Inclusión Social (AIS)

Descripción

Atención das situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión e apoio aos procesos de inclusión social. Atenden necesidades de distinta natureza entre as que están as vinculadas ao uso da vivenda habitual e atención de necesidades básicas, tratamentos sociosanitarios non cubertos polo SERGAS...

Pessoas destinatarias

Pessoas e familias que non superen os ingresos establecidos en función da tipoloxía da axuda na disposición transitoria primeira da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.

Actores implicados

Consellería de Política Social e Servizos sociais comunitarios

Anticipos das Axudas de Inclusión Social

Descripción

Pagamento da axuda de inclusión social concedida con carácter previo á súa xustificación cando existan menores na unidade de convivencia

Pessoas destinatarias

Familias con menores a cargo que non superen os ingresos establecidos en función da tipoloxía da axuda na disposición transitoria primeira da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia

Actores implicados

Consellería de Política Social

Axudas de emerxencia social complementarias ás AIS

Descripción

Pagamento dunha axuda de inclusión social para aquelas persoas en situación de emerxencia social e cun factor de exclusión dos previstos no art.3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.

Pessoas destinatarias

Pessoas que estean en situación de tramitación da RISGA ou que non teñan dereito á súa percepción

Actores implicados

Concellos

Axudas para cubrir gastos de desprazamento pola asistencia a programas sociosanitarios

Descripción

Pagamento de axudas de transporte para asistir ou participar en programas sociosanitarios que se desenvolven en recursos especializados situados en localidades diferentes á de residencia habitual, tales como os de atención temperá, programas de deshabituación e/ou atención a persoas con trastornos aditivos, entre outros.

Pessoas destinatarias

Pessoas en situación de exclusión social de acordo ás especificacións recollidas no artigo 3 da lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, que non perciban Axudas de Inclusión Social destinadas a sufragar gastos coa mesma finalidade

Actores implicados

Concellos

5.2.2. Medidas de abordaxe da pobreza enerxética

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten xa implantada a seguinte medida:

Tícket eléctrico (1^a e 2^a edición)

Descripción

Axuda de 180 €/familia/ano (300 € no caso das familias numerosas) para o pagamento dos gastos da factura eléctrica.

Pessoas destinatarias

Familias con menores ou discapacitados a cargo con ingresos inferiores ao 1,5 IPREM.

Actores implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Igualmente a través deste departamento autonómico, púxose en marcha en 2016 a seguinte medida:

Programa para evitar cortes de suministro eléctrico

Descripción

Pagamento, a solicitude da persoa interesada, de ata dúas mensualidades de electricidade ao ano por importe máximo de 200 € para fazer fronte aos cortes de suministracións por non pagamento.

Pessoas destinatarias

Familias cuxos ingresos totais non superen o IPREM.

Actores implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Compañías Comercializadoras de Enerxía Eléctrica

En colaboración cos concellos das sete grandes cidades, está previsto implantar:

Complemento do novo tícket eléctrico social

Descripción

Complementar nos casos en que sexa preciso a achega realizada pola Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado para apoiar a cobertura dos gastos derivados da subministración eléctrica.

Pessoas destinatarias

Familias con menores ou discapacitados a cargo con ingresos inferiores ao 1,5 IPREM.

Actores implicados

Concellos

5.2.3. Medidas de atención á inclusión residencial

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten xa implantada desde o ano 2013 a seguinte medida:

Programa Reconduce**Descripción**

Oficina en Santiago de Compostela para o asesoramento económico e xurídico e, de ser preciso, atención social e intermediación con entidades financeiras ante o risco de perda da vivenda habitual.

Pessoas destinatarias

Pessoas en risco de desafiuamento por execución hipotecaria da súa vivenda habitual

Actores implicados

Consellería de Política Social.

Outras medidas desta área desenvolvidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo son as seguintes:

Programa Aluga *Unicamente vixente para os contratos en vigor así como para os realoxos por execucións hipotecarias naqueles lugares onde non se dispoña de vivendas públicas**Descripción**

Axuda ao aluguer de vivenda

Pessoas destinatarias

Poboación con niveis de ingresos comprendidos entre 0,7 e 3,5 veces o IPREM

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo

Programa de realoxo para persoas afectadas por execucións hipotecarias

Descripción

Realoxo, nunha vivenda propiedade do IGVS ou, de non adaptarse ou non existir nos concellos onde se produce o lanzamento nunha vivenda de titularidade privada, ao amparo do Programa Aluga.

-Establecemento dunha renda axustada ás circunstancias económicas e persoais podendo ser incluso de ningún euro.

Pessoas destinatarias

Pessoas que perdan a súa única vivenda nun procedemento de execución hipotecaria e teñan uns ingresos ponderados inferiores a 2,5 veces o IPREM

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo

Bono de alugueiro social

Descripción

A axuda consiste en:

-Bonos de alugueiro social coas seguintes contías:

200 euros mensuais nos concellos de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

175 euros mensuais nos concellos de Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Orosa, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

No resto de concellos o importe do Bono de Alugueiro Social será de 150 euros mensuais

As axudas coincéndense por un período de ata 12 meses, que poderá prorrogarse, previa solicitude do interesado, por un período igual ao da concesión inicial.

-Axuda adicional de 600 € para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de permanecer na mesma vivenda, para atender cantidades pendentes.

Pessoas destinatarias

As seguintes unidades de convivencia:

a) Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacions de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora, dunha demanda de desafizamento por non pagamento das rendas ou por unha resolución xudicial de terminación dun procedemento da mesma natureza.

- b) As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que, no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha administración pública.
- c) Aquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- d) Pessoas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, rematasen o período de desfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social e acrediten non ter capacidade económica para o pago da vivenda.

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo; entidades locais.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten xa implantada a seguinte medida:

Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP**Descripción**

Actuación coordinada para atender ás familias obxecto de lanzamento co obxectivo de establecer un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda.

Pessoas destinatarias

Pessoas en risco de desafiuamento da súa vivenda habitual

Actores implicados

Consellería de Política Social, Vicepresidencia, IGVS, FEGAMP, Consello Xeral do Poder Xudicial e os servizos sociais comunitarios municipais

Está prevista a implantación en 2016 das seguintes medidas responsabilidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo:

Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020**Descripción**

O IGVS incentivará que se poñan a disposición dos concellos vivendas desocupadas mediante o ofrecemento ás persoas propietarias das necesarias garantías xurídicas e económicas coa finalidade de mobilizalas e poñelas no mercado de aluguer.

Persoas destinatarias últimas

Persoas que se atopen nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio e acrediten a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan fazer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Tendo preferencia as unidades de convivencia que pertenzan a algún dos seguintes grupos:

- a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda. Así mesmo, será preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes.
- e) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes.
- f) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción das mesmas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.
- g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo, Concellos.

E en colaboración coa Administración local:

Promoción da oferta de recursos residenciais para o programa de vivendas baleiras no ámbito do seu termo municipal (Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia para o desenvolvimento do programa de vivendas baleiras)

Descripción

Desenvolvemento das actuacións necesarias para a captación e a incorporación das vivendas baleiras existentes no seu ámbito municipal ao Programa de Vivendas Baleiras.

Elaboración do procedemento para a incorporación das vivendas ao Programa, determinación e comprobación dos requisitos documentais esixidos aos solicitantes así como o procedemento para a selección de arrendatarios e a adxudicación de vivendas.,

Persoas destinatarias últimas

Persoas que se atopen nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio e acrediten a percepción duns ingresos económicos

mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan fazer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Tendo preferencia as unidades de convivencia que pertenzan a algún dos seguintes grupos:

- a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda. Así mesmo, será preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes.
- e) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes.
- f) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción das mesmas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.
- g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo, Concellos.

Así mesmo, contemplánse as seguintes actuacións en colaboración cos concellos das sete grandes cidades:

Ampliación do Programa Reconduce

Descripción

- Ampliación do grupo destinatario incorporando as persoas afectadas por non pagamentos de aluguer.
- Reforzo dos recursos coa creación dunha oficina en cada provincia.
- Ampliación das prestacións incorporando mediación e intermediación inmobiliaria para a busca de vivenda alternativa

Pessoas destinatarias últimas

Pessoas en risco de desafiuamento por execución hipotecaria ou por non pagamento do aluguer

Actores implicados

Concellos a través dos servizos sociais comunitarios

Complemento do bono de alugueiro social

Descripción

Achega económica para cubrir a parte da renda non atendida polo IGVS a través do bono de alugueiro social, tendo en conta os importes máximos da renda das vivendas que se establecen con carácter xeral na orde de convocatoria (DOG do 28 de agosto de 2015):

- a) 400 € para as vivendas situadas nos concellos da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo
- b) 350 € para as vivendas situadas nos concellos de Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa
- c) 300 € para o resto dos concellos.

Pessoas destinatarias últimas

As seguintes unidades de convivencia:

- a) Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafiuazamento por non pagamento das rendas ou por unha resolución xudicial de terminación dun procedemento da mesma natureza.
- b) As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que, no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha administración pública.
- c) Aquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- d) Pessoas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, rematasen o período de desfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social e acrediten non ter capacidade económica para o pago da vivenda.

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo, Concellos.

Servizo de acollida básica

Descripción

Servizo de aloxamento de media-longa estancia e recursos de baixa esixencia para a cobertura das necesidades de carácter básico, que inclúa o desenvolvemento dun acompañamiento técnico promotor da inclusión social.

Pessoas destinatarias últimas

Pessoas que pasan por unha situación de grave deterioro persoal e social e de carencia persistente que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou apoio substitutivo

Actores implicados

Entidades locais

Servizo de atención urxente**Descripción**

Posta en marcha dun servizo que coordine o sistema de servizos sociais con outros sistemas para abordar en primeira instancia situacións de desprotección imprevistas, nun horario complementario ao funcionamento dos servizos sociais comunitarios básicos e aloxamentos de urxencia en recursos de baixa esixencia.

Pessoas destinatarias últimas

Pessoas e familias nunha situación de especial vulnerabilidade ou exclusión sobrevida

Actores implicados

Entidades locais

5.2.4. Medidas dirixidas á promoción de programas/proxectos de inclusión social

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten xa implantada a seguinte medida:

Promoción de programas para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión**Descripción**

Subvención dirixida aos concellos para o desenvolvemento de programas de atención e acompañamiento a persoas en procesos de inclusión sociolaboral de grupos de poboación de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral.

Pessoas destinatarias finais

Pessoas perceptoras de rendas mínimas, pertencentes a grupos sociais con dificultades de integración social como a comunidade xitana e poboación inmigrante, solicitante de asilo e refuxiada

Actores implicados

Consellería de Política Social, concellos

Investimento en centros de emerxencia e inclusión social

Descripción

Apertura dunha nova liña na convocatoria de subvencións a concellos para financiar gastos derivados da construcción, ampliación, reforma e mellora de centros de emerxencia e inclusión social.

Pessoas destinatarias finais

Pessoas en situación ou risco de exclusión social

Actores implicados

Consellería de Política Social, concellos.

5.2.5. Medidas de atención á dependencia

Servizo de Axuda no Fogar a Pessoas Dependentes

Descripción

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencíons ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacíons en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Pessoas destinatarias

Pessoas que teñen solicitado o Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de dependencia

Actores implicados

Consellería de Política Social e Concellos

5.2.6. Medidas de abordaxe da pobreza infantil

Programa de intervención coa infancia e a súa familia (La Caixa Pro Infancia)

Descripción

Programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias

Pessoas destinatarias

1.050 familias das sete grandes cidades de Galicia

Actores implicados

Consellería de Política Social, Servizos sociais comunitarios e a Fundación La Caixa

Axuda para pago de medicamentos

Descripción

Subvención dirixida aos concellos para apoiar a cobertura do 40% do prezo dos medicamentos financiados polo Sistema Nacional de Saúde e prescritos a través de receita para que non supoña un agravamento da situación da poboación diana.

Subvencionarase unha cantidade máxima por familia empadroada no termo municipal do concello solicitante para a cobertura do dito gasto.

Pessoas destinatarias

Pessoas e familias con ingresos por rendementos do traballo inferiores aos límiales da RISGA, e nomeadamente aquelas con menores de 16 anos a cargo

Actores implicados

Consellería de Política Social, Concellos

5.3. Medidas de apoio á contratación de persoal especial para os Servizos sociais municipais

Está prevista a implantación en 2016 das seguintes medidas tamén responsabilidade da Consellería de Política Social:

Programa de educación e apoio familiar

Descripción

Apertura dunha nova liña na convocatoria de subvencións aos concellos para o desenvolvemento dunha intervención técnica especializada dirixida a unidades familiares para a adquisición por parte destas das competencias e habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas. Co orzamento previsto para 2016 estímase que se poderán subvencionar 28 profesionais.

Pessoas destinatarias finais

Pessoas participantes en procesos de inclusión social ou sociolaboral con menores a cargo que así o teñan previsto no seu proxecto personalizado

Actores implicados

Consellería de Política Social, Concellos

Actualización dos módulos económicos para o financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios no marco do Plan Concertado

Descripción

Propónese unha suba do 12% no gasto autonómico corresponde ao financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios para cada un dos módulos conforme á seguinte táboa :

Categoría profesional	Módulo (+12%)
A 1/Grupo I	20.229,00 €
A 2/Grupo II	16.815,00 €
C 1/Grupo III	15.144,00 €
C 2/Grupo IV	13.472,00 €
Agrupacións profesionais/Grupo V	9.426,00 €

A nomenclatura empregada constitúe tamén unha proposta para harmonizar a existente coas categorías ou grupos profesionais do persoal empregado público.

Actores implicados
Consellería de Política Social, Concellos

Reforzo directo dos equipos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan Concertado

Descripción

Reforzo directo dos equipos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais, a través do financiamento de 38 novas prazas de traballadores/as sociais ás que poderán optar todos os concellos de Galicia e 15 de titulados superiores (psicólogos/as, pedagogos/as e psicopedagogos/as...) para concellos de máis de vinte mil habitantes. Deste xeito a Xunta pasará a finanziar directamente 500 traballadores/as sociais (fronte aos 462 actuais) e 43 titulados superiores (fronte aos 28 actuais). Todas estas prazas son consolidables.

Actores implicados

Consellería de Política Social, Concellos

Implantación da Rede galega de atención temperá.

Descripción

Liña nova de subvencións dirixida ás entidades locais para facilitar a implantación así como impulsar o funcionamiento e a consolidación dos servizos de atención temperá, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Permitirá a incorporación dun mínimo de 36 novos/as profesionais.

Pessoas destinatarias do servizo de atención temperá

Poboación infantil de 0-6 anos con trastornos de desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como as súas familia e a súa contorna.

Actores implicados

Consellería de Política Social, Concellos

5.4. Medidas dirixidas a entidades de iniciativa social

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ten xa implantada a seguinte medida:

Promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social

Descripción

Subvención a entidades de iniciativa social para a atención ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social e para o desenvolvemento de programas de atención e acompañamento a persoas en procesos de inclusión sociolaboral e en favor da poboación inmigrante, solicitante de asilo e refuxiada.

Pessoas destinatarias finais

Pessoas en situación ou risco de exclusión derivadas da rede de equipos de inclusión sociolaboral, persoas inmigrantes, solicitantes de asilo e refuxiadas, e en xeral, persoas afectadas por factores de exclusión social. Pessoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia, ou membros da súa unidade de convivencia

Actores implicados

Consellería de Política Social, entidades de iniciativa social.

Está previsto o desenvolvemento en 2016 da seguinte medida tamén responsabilidade da Consellería de Política Social:

Investimento en centros de emerxencia e inclusión social

Descripción

Apertura dunha nova liña na convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social para financiar gastos derivados da construcción, ampliación, reforma e mellora de centros de emerxencia e inclusión social.

Pessoas destinatarias finais

Pessoas en situación ou risco de exclusión social

Actores implicados

Consellería de Política Social, entidades de iniciativa social.

5.5. Medidas de colaboración con outros axentes

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ten xa implantada a seguinte medida:

Convenios coas entidades financeiras para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execuções hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras para destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuazamentos polo non pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda

Descripción

As entidades comprométense a non desalojar vivendas sometidas a execución hipotecaria, permitindo ás persoas afectadas continuar nas mesmas en réxime de aluguer social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social

Pessoas destinatarias

- Pessoas afectadas por unha execución hipotecaria da súa única vivenda.
- Pessoas afectadas por un desafiuazamento por falta de pago da renda.

Para estes casos chegouse a un acordo coas entidades financeiras a través do cal se permite que estas familias poidan ter unha renda ou aluguer baixo, nunca superior a 75 euros nun caso e de 125 euros noutro.

Actores implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo; Abanca, Caixa Rural Galega, Banco de Sabadell

Previsiblemente adheriranse durante 2016 máis entidades a este convenio.

6. POSIBLES ACTUACIÓNS DOS CONCELLOS

- Exención total ou parcial dos impostos e taxas de titularidade municipal (IBI, taxa de recollida de lixo, de rede de sumidoiros, imposto de circulación)
- Afrontar o gasto da factura derivada do abastecemento de auga (a Xunta asume a non recadación do canon de saneamento a unidades de convivencia que non superen o IPREM e estean nunha situación de risco ou exclusión social cualificada pero teñen que solicitalo)

- Facilitar o acceso gratuíto a servizos de titularidade municipal tipo pavillóns deportivos, actividades de conciliación, transporte urbano, escolas infantís de titularidade municipal...
- Complementar as axudas de inclusión dadas pola Xunta de Galicia, dado que están sujetas á seguinte temporalidade:
 - Vinculadas ao uso da vivenda (evitar desfíuzamentos e para subministracións básicas): importe máximo 2,5 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada dous anos.
 - Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual (mellora da súa accesibilidade e adecuación da vivenda): importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada cinco anos.
 - Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda: importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada dous anos.
 - Axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoal doméstico: importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada dous anos.
 - Axudas para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais: importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada dous anos.
 - Axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación (material didáctico, transporte e outros conceptos non cubertos pola RISGA): importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada ano.
 - Axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal: importe máximo 2 veces o IPREM. Concesión limitada a unha vez cada ano.
- Promover e/ou apoiar programas locais de intercambio de materiais de téxtil e mobiliario do fogar, materiais para o cuidado da primeira infancia, etc.
- Habilitar espazos para a disposición dos enseres persoais, utensilios e mobiliario do fogar nos casos de desfíuzamento.
- Manter como recursos e/ou redes diferenciadas as de atención a emergencias sociais e a atención a persoas sen fogar, para evitar que familias que se ven privadas de aloxamento na súa vivenda habitual se incorporen de xeito inadecuado á rede específica de atención a persoas sen fogar: disposición dunha bolsa de vivendas preparadas para aloxamento de familias en desfíuzamento.

- Establecer a reserva dunha porcentaxe da contratación municipal a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral
- Establecer cláusulas sociais na contratación municipal que primen ás empresas xestionadas con criterios de responsabilidade social con medidas a favor da integración laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social (por exemplo: que colaboren con entidades de iniciativa social para a realización de accións de mellora da empregabilidade, que teñan contratado nos últimos dous anos a persoas con dificultades de inserción ou reinserción no mercado de traballo, etc)
- Consolidar vías de cooperación e intercambio de información para garantir a provisión de alimentos ás familias con menores durante todo o ciclo do ano.

7. ORZAMENTO POR CONSELLERIAS

Medida	Orzamento 2015	Orzamento 2016
Programa RECONDUCE	210.567 €	210.567 €
Axudas de Inclusión Social (AIS)	4.500.000 €	4.500.000 €
Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)	47.707.080 €	52.731.080 €
Complemento autonómico ás pensións non contributivas (PNC)	9.500.000 €	9.500.000 €
Axuda para pago de medicamentos		1.500.000 €
Orde de subvencións dirixida a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social	3.951.017 €	7.313.002 €
Orde de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión	1.736.483 €	3.849.994 €
Programa de intervención coa infancia e a súa familia (La Caixa Pro infancia)		500.000
Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais	11.586.400 €	13.631.641 €
Implementación da Rede galega de atención temperá	275.000 €	1.117.140 €
Observatorio Social		181.500 €
Servizo de Axuda no Fogar á Dependencia	42.766.471€	49.310.244€
IMPORTE TOTAL MEDIDAS CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	122.233.018 €	144.345.168 €

Medida	Orzamento 2015	Orzamento 2016
Tícket eléctrico social	1.500.000 €	
Novo tícket eléctrico social		2.100.000 €
Programa para evitar cortes de subministro eléctrico		600.000 €
IMPORTE TOTAL MEDIDAS CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.500.000 €	2.700.000 €
Programa Aluga	649.970 €	905.879 €
Programa de axudas ao alugueiro	3.489.600 €	3.489.600 €
Programa para o realoxo para persoas afectadas por execucións hipotecarias	77.400 €	200.000 €
Rede de vivendas de inserción		8.400.000 € *
		(*) valor das vivendas postas a disposición
Bono de alugueiro social	255.000 €	1.880.000 €
Convenios coas entidades financeiras para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuazamentos por non pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda	70.000 €	414.750 €
Programa vivendas baleiras		130.362 €
IMPORTE TOTAL MEDIDAS CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	4.541.970 €	15.420.591 €
IMPORTE TOTAL AXENDA SOCIAL	128.274.988 €	162.465.759 €

8. ORZAMENTO POR PROGRAMAS

Medida	Orzamento 2015	Orzamento 2016
Axudas de Inclusión Social (AIS)	4.500.000 €	4.500.000 €
Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)	47.707.080 €	52.731.080 €
Complemento autonómico ás pensións non contributivas (PNC)	9.500.000 €	9.500.000 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DE APOIO Á RENDA	61.707.080 €	66.731.080 €
Tícket eléctrico social	1.500.000 €	
Novo ticket eléctrico social		2.100.000 €
Programa para evitar cortes de suministro eléctrico		600.000 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DE ABORDAXE DA POBREZA ENERXÉTICA	1.500.000 €	2.700.000 €
Programa RECONDUCE	210.567 €	210.567 €
Programa Aluga	649.970 €	905.879 €
Programa de Axudas ao alugueiro	3.489.600 €	3.489.600 €
Programa para o realoxo para persoas afectadas por execucións hipotecarias	77.400 €	200.000 €
Rede de vivendas de inserción		8.400.000 € *
(*) valor das vivendas postas a disposición		
Bono de alugueiro social	255.000 €	1.880.000 €
Convenios coas entidades financeiras para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafizamentos por impago de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda	700.000 €	414.750 €

Programa de vivendas baleiras		130.362 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á INCLUSIÓN RESIDENCIAL	5.382.537 €	15.631.158 €
Programa de intervención coa infancia e a súa familia (La Caixa Pro infancia)		500.000 €
Axuda para pago de medicamentos		1.500.000 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DIRIXIDAS Á ABORDAXE DA POBREZA INFANTIL		2.000.000 €
Orde de subvencións dirixida a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social	3.951.017 €	7.313.002 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL	3.951.017 €	7.313.002 €
Orde de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión	1.736.483 €	3.849.994 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DIRIXIDAS Á PROMOCIÓN DE PROGRAMAS /PROXECTOS DE INCLUSIÓN SOCIAL	1.736.483 €	3.849.994 €
Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais	11.586.400 €	13.631.641 €

Implementación da Rede galega de atención temprá	275.000 €	1.117.140 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DE APOIO Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL ESPECIAL PARA OS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	11.861.400 €	14.748.781 €
Servizo de Axuda no Fogar á Dependencia	42.766.471 €	49.310.244 €
IMPORTE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	42.766.471 €	49.310.244 €
Observatorio Social		181.500 €
IMPORTE TOTAL MEDIDA PARA A MELLORA DA PLANIFICACIÓN DAS POLÍTICAS SOCIAIS		181.500 €
IMPORTE TOTAL AXENDA SOCIAL	128.274.988 €	162.465.759 €